

# CONCURSO DE ESCAPARATES E AMBIENTACIÓN DE CINE

OUFF29

OURENSE FILM  
FESTIVAL 2024  
27 SETEMBRO - 6 OUTUBRO

ourense  
centro

## BASES CONCURSO DE ESCAPARATES E AMBIENTACIÓN DO FESTIVAL DE CINE DE OURENSE 2024

### OBXECTO

O concurso de escaparates e ambientación do OUFF 29, ten como obxectivo, dar visibilidade ao comercio local, a hostaleira, así como, a esta nova edición do OUFF e para iso, é necesaria unha implicación por parte do sector comercial e hostaleiro e por parte do Centro Comercial Aberto Ourense Centro e dos organizadores do OUFF que terán como misión, facer que o Cine este presente no día a día da cidade, durante os días previos e os propios días nos que terá lugar esta nova edición do OUFF.

A participación neste concurso, implicará o cumprimento das seguintes bases:

#### 1/ Beneficiarios ou destinatarios

Poderán participar todos aqueles establecementos comerciais e hostaleiros do centro da cidade de Ourense que realicen un escaparate ou ambientación do local, con unha temática relativa ao cine.

A decoración deberá estar realizada do día 20 de setembro e ata o día 5 de outubro de 2024. Só poderá presentarse, ao concurso, un único proxecto por establecemento.

#### 2/ Temática

O motivo e a temática da decoración dos establecementos terá que facer referencia ao Cine.

Será libre a composición técnica e o estilo que se empregue.

A decoración nos escaparates e/ou fachadas ou a ambientación dos establecementos non debe causar ningún perigo para as persoas e os bens.

#### 3/ Lugar e prazo de presentación de solicitudes

Todos os establecementos interesados en participar no concurso deberán facer a súa inscrición a través do correo electrónico [info@ourensecca.com](mailto:info@ourensecca.com)

Indicando os seguintes datos:

- » Nome, apelidos, DNI, teléfono e e-mail do participante.
- » Nome do establecemento comercial participante con enderezo, rúa e número do lugar exacto onde se realiza a decoración.

Categoría para a que se presentan (Concurso de escaparates ou Concurso de ambientación)  
O prazo de inscrición remata o día 17 de setembro de 2024.

#### 4/ Categorías

O concurso divídese en dúas categorías:

- » 1ª Categoría: Concurso de escaparates
- » 2ª Categoría: Concurso de ambientación do establecemento.

O xurado, poderá outorgar e facer unha mención especial a algún escaparate ou decorado de ambientación se o considerara oportuno. Esta mención non implica a obtención dun premio adicional.

#### 5/ Premios

En cada categoría haberá tres premios.

- » 1º premio: fin de semana para dúas persoas nun hotel da cadea Caldaria con aloxamento, circuito Spa e cea.
- » 2º premio: unha comida e maridaxe no Pazo de Toubes para dúas persoas.
- » 3º premio: cea de cine para dúas persoas nun restaurante concertado da cidade de Ourense.

Todos os premios son plans pechados, sen posibilidade de ser modificados polos gañadores.

#### Premio de agradecemento para todos os participantes

Todos os establecementos inscritos a este concurso, recibirán de forma gratuíta, invitacións para unhas sesións de cine familiar.

# CONCURSO DE ESCAPARATES E AMBIENTACIÓN DE CINE

OUFF29

OURENSE FILM  
FESTIVAL 2024  
27 SETEMBRO - 6 OUTUBRO

ourense  
centro

Durante o transcurso do festival de cine proxecciónanse dúas sesións de cine familiar, as que só se poderá acceder con invitación. Ditas invitacións daránselles aos establecementos participantes neste concurso para que podan repartilas entre os seus clientes. Estas invitacións teñen que ser canxeadas por entradas reais para as proxeccións no prazo establecido no seu momento.

As películas que se proxecciónanse nestas sesións de cine familiar son:

***El viaje de Ernest y Célestine***  
***El colegio de los animales mágicos 2. El origen***

Ademais, todos os establecementos inscritos no concurso, que así o desexen e o soliciten vía correo electrónico a [info@ourensecca.com](mailto:info@ourensecca.com), poderán asistir á **Gala de Inauguración** ou **Clausura** do festival.

## 6/ Xurado

O Xurado estará composto por:

- » Un representante do Centro Comercial Aberto de Ourense.
- » Un representante do OUFF.

O xurado pasará a visitar de xeito anónimo e sen previo aviso, todos os establecementos inscritos no concurso para facer unha valoración e determinar cales serían os premiados dentro de cada unha das dúas categorías de concurso.

A visita aos establecementos realizarase os días 23 e 24 de setembro.

## 7/ Criterios de valoración

O xurado valorará as decoracións tendo en conta a categoría na que concursan, segundo estes criterios:

### » 1º Categoría: Concurso de Escaparates

- Composición e deseño (20 puntos)
- Calidade e harmonía (20 puntos)
- Iluminación (10 puntos)
- Creatividade e orixinalidade (20 puntos)
- Exposición dos produtos (15 puntos)
- Socio do Centro Comercial Aberto de Ourense (15 puntos)

### » 2º Categoría: Concurso de ambientación ou decoración (máximo 80 puntos)

- Deseño (20 puntos)
- Calidade e harmonía (20 puntos)
- Creatividade e orixinalidade (20 puntos)
- Socios do Centro Comercial Aberto de Ourense (20 puntos)

No caso de empate en algunha das categorías, valorarase o maior uso de materiais reciclados utilizados para a composición do escaparate ou da decoración ou ambientación.

A decisión do xurado será inapelable.

Todas as decoracións que á hora de realizar a visita polo xurado non estiveran expostas, de acordo coas bases deste concurso quedarán eliminadas automaticamente.

O fallo do xurado darase a coñecer a través das redes sociais e páxina web do CCA Ourense Centro e do OUFF así como tamén, nos medios de comunicación.

Aos premiados, comunicaráselles previamente a través do correo electrónico e/ou chamada telefónica.

## 8/ Entrega de Premios

O acto de entrega de premios farase o día 1 de outubro na sala de prensa do OUFF.

# CONCURSO DE ESCAPARATES E AMBIENTACIÓN DE CINE

OUFF29

OURENSE FILM  
FESTIVAL 2024  
27 SETEMBRO - 6 OUTUBRO

ourense  
centro

## 9/ Compromiso

A inscrición no concurso implica a autorización a tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais, as cales, poden ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais. Así mesmo, o establecemento comprométese a ter o escaparate e a decoración ou ambientación, visible ao público dende o 20 de setembro ata o 5 de outubro de 2024.

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases e o sometemento expreso das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a organización.

A organización reservase o dereito a descartar aos participantes que incumpran as mesmas e, especialmente, calquera participación que vaia en contra destas bases.

Coa aceptación destas bases, os participantes comprenden os termos e condicións das mesmas e comprométese a cumprir coa normativa vixente que poida resultar da aplicación a este respecto, de modo que polo simple feito de participar no concurso están prestando o seu consentimento a someterse ás bases e a legalidade de forma total e irrevogable.

A manifestación en contrario do participante, independentemente de en que momento se realice, implicará a auto exclusión do concurso e a liberación da organización de calquera compromiso adquirido co participante.

Calquera imprevisto non contemplado nestas bases será resolto pola organización.

A organización reservase o dereito de cancelar ou modificar as bases deste concurso se así o considera oportuno.

## 10/ Lexislación aplicable e xurisdición

Para a resolución de calquera incidencia ou dubida que poida xurdir en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, á organización e aos participantes, sométese á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais de Ourense, con renuncia expresa ao foro que puidera corresponderlles.

De conformidade co indicado na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os participantes quedan informados das seguintes cuestións:

O responsable do tratamento de datos dos participantes é Centro Comercial Aberto de Ourense para a finalidade do tratamento é a xestión e desenvolvemento do concurso conforme ás presentes bases.

A base lexítima que sustenta o tratamento é o consentimento que presta o titular ao participar no concurso con previo coñecemento das bases reguladoras.

Poderán realizarse fotografías dos/as gañadores/as e publicalas, xunto cos datos identificativos, en medios de comunicación e redes sociais d os organizadores. A finalidade da imaxe será en todo caso divulgativa e informativa do evento que os organizadores realicen para a entrega de premios ou similar.

Os titulares poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación exposición, así como o dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.